



Boletín Informativo

Inserción laboral

Horacio

Horacio presentouse a oposicións de ordenanza da Xunta de Galicia e conseguiu unha praza como funcionario, estamos moi orgullosos!



Arantxa

Arantxa firmou o seu primeiro contrato de traballo con Grupo S4, parabéns!



II Concerto Benéfico Centro Juan María

O 12 de maio celebramos o noso II Concerto Benéfico Centro Juan María no Pazo de Cea en Nigrán. Contamos coa colaboración da Orquestra Clásica de Vigo, con Eladio y los Seres Queridos e con David Amor como padriño e con moitos colaboradores. Grazas a todos!!

Conseguimos os nosos obxectivos: amosarlle a todo o mundo o que somos capaces de facer e recadar para financiar o Proxecto Comer con Pracer.

Coa venda de entradas recadamos 10.886,23 euros e La Caixa Obra Social financiou a adquisición do abatidor e do robot de cociña por 10.911,19 euros. Grazas!!



¿Cómo comemos?

Juan María

Puré en el que se trituran todos los elementos de la comida (verduras, carne, pescado, pasta...) dando como resultado una masa homogénea con diversos sabores mezclados.



¿Cómo vamos a comer?

Comida texturizada que preserve sabores, colores y formas, siendo segura, atractiva y sabrosa. Evitando solo purés, que crean rechazo, aburrimiento, aislamiento social, exclusión...



Centro Educativo Juan María

Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE)

Durante este curso puidemos equipar a nosa biblioteca, dotándoa de novos libros e de mobiliario, grazas a subvención obtida a través do PLAMBE de 6.300 euros.



Visita Marcos Calveiro

Este curso visitounos o escritor Marcos Calveiro, Antía leulle unha adaptación da súa obra "Estraño" a pictogramas e contounos moitas cosas sobre os seus libros.



Excursión Balaídos

Visitamos as instalacións do Estadio de Balaídos do Real Club Celta de Vigo. Puidemos desfrutar do museo, dos vestiarios e da sala de prensa, onde puidemos sentirnos como xogadores e como entrevistadores. Un día moi divertido!



Centro Educativo Juan María

Aula verde

Un grupo de alumnos tiveron a sorte de experimentar unha clase na natureza na senda do Río Muíños a través do programa Aula Verde.

Coñecemos especies autóctonas como o amieiro, o freixo ou o salgueiro.

Desfrutamos da natureza a través dos sentidos, tivemos que telos moi moi activos para poder recoñecer arbores mediante o sentido do tacto, escoitar os sons das diferentes aves da zona e a vista para recoñecer as follas das diferentes especies.

Unha actividade moi divertida, moitas grazas Diego polas explicacións!!



Convivencias

Marcha Cicloturista Humberto Juanes

Participamos na marcha ciclista que organizou o CEIP Humberto Juanes de Nigrán. Pedaleamos dende Nigrán ata Baiona, onde desfrutamos dunha merenda. Unha experiencia xenial!!



Xosé Neira Vilas

Os nosos amigos do colexio de Peitieiros visitaron o noso centro e fixemos moitas actividades xuntos. Despois devolvémoslles a visita e fomos pasar una mañá xenial con eles, xogamos e merendamos xuntos, grazas!



CEU Vigo

A escola de Maxisterio de Vigo convidounos a pasar una mañá con eles, preparáronnos un montón de actividades moi chulas. Moitas



Centro Ocupacional e de Día Juan María

Ecotaller

Proxecto Tapóns Solidarios

Dende o taller de ecotaller púxose en marcha en marcha o proxecto Tapóns Solidarios. Este proxecto consiste en que o noso centro lévalle aos centros educativos do Concello de Nigrán caixas para facer a recollida de tapóns. Cada certo tempo, un grupo de ecotaller acude a recoller as caixas cheas e cambialas por unha baleira.

Despois, unha vez xa no centro, faise un seleccionado de tapóns para reciclar que despois son levados ao punto de reciclaxe.



Deporte

Bicicletas adaptadas

Miguel Ángel e Silvia iniciáronse este ano nun novo proxecto no desfrutaron moitísimo.

Cada semana, sempre o tempo o permitía, saían a adestrar en bicicleta adaptada, os días de choiva adestraban no centro coas bicicletas estaticas.

O obxectivo principal desta actividade foi desfrutar dunha actividade deportiva e de ocio, así como, poder participar en carreiras.

- * **Carrera de los Valientes:** correndo por Vigo As Travesas



- * **10ª Carrera 700 camisetas Contra la Leucemia:** carreira dende Vigo a Pontevedra.



Centro Ocupacional e de Día Juan María

Eleccións

Dereito a voto

Grazas a reforma da lei este ano tódalas persoas con discapacidade tivemos dereito a votar.

Dende o centro realizamos simulacros de votación para que os usuarios se familiarizaran coas urnas, coas cabinas e coas papeletas.



Invernadoiro

Durante este ano, varios grupos acudimos ao invernadoiro e realizamos diferentes actividades: cultivamos, regamos, experimentamos etc.



Convivencia

Quedada ACEESCA

Realizamos diversas quedadas cos nosos compañeiros e amigos de ACEESCA de Porriño.

Paseamos xuntos e tomamos algo, gústannos moito as quedadas!!



Centro Juan María

Familias

Quedada familias

Dende o mes de febreiro algunhas familias do noso centro reuníronse o último venres de mes para pasar una tarde entretida e compartir experiencias.



Andaina

No mes de maio tivo lugar a IV Andaina Juan María. Desfrutamos dunha andaina cun día soleado e compartimos una merenda. Xa estamos pensando na V andaina!



Viaxes

Bari-Italia

María e Blanca estiveron en Bari- Italia visitando "La Casa Allogio Pegaso" a través do "Programa Erasmus-Proyecto Sueño con Vivir contigo".



Mallorca

Alberto e Vanesa participaron nas xornadas "La oportunidad para cambiar las cosas" organizadas por Amadip Esment Fundació en Mallorca.

Plena Inclusión

Viaxes Autoxestores

Horacio tivo un ano cheo de viaxes.

Estivo en **Madrid** participando nunha ponencia sobre emprego público e discapacidade.

Participou en **Oviedo** no Encontro Estatal de Ética.

Estivo en **Lituania** participando na Asamblea General de Inclusión Europe.



Centro Juan María

Melloras

Accesibilidade

Melloramos a accesibilidade de acceso a planta -3 do centro de adultos. Construción de rampla e pérgola. **Subvencionado pola Fundación ONCE 16.167,26 euros.**

Instalacións

Melloramos as instalacións de Ecotaller, substitución de ventás e melloras na estrutura. **Subvencionado IRPF 2018 1.938,75 euros.**

Aparcadoiro

Finalizamos as obras do novo aparcadoiro para furgonetas e vehículos no terreo cedido pola **Mancomunidade de Montes de Parada.**

Aqualia

Aqualia e o Concello de Nigrán fixeron posible que chegase o noso centro o abastemento de auga público.

Premios

VIII Premios Nigrán 2019

O noso Club Polideportivo Juan María recibiu o Premio Social na gala VIII dos Premios do Concello de Nigrán.



I Gala do Deporte

O noso equipo de Fútbol Sala Juan María foi premiado na I Gala do Deporte do Concello de Nigrán.

Noraboa os noso deportistas e moitas grazas a Chapela por todo o esforzo e dedicación.





Centro Juan María

Juan María Empleo S.L

Juan María By Lolola

Juan María by lolola naceu da colaboración entre o noso Centro Especial de Empleo Juan María Empleo SL, e Lolola, firma viguesa especializada en deseños personalizados.



#COLECCIÓNESTRELLASPARATODOS é a primeira liña de roupa froito desta colaboración que xorde para ofrecer prendas actuais, de moda e adaptadas as necesidades das persoas.

Juan María by lolola non é só unha liña de roupa, é un **novo proxecto formativo e empresarial**, onde as persoas con discapacidade intelectual participan activamente, dende a manipulación de prendas, empaquetado, xestión de almacén ou preparación de pedidos da tenda on-line.

Visita a nosa páxina: <http://www.juanmariabylolola.com/>



Grazas aos Colaboradores habituais



CONCELLO DE
NIGRÁN



Concello de
Gondomar



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA



Plena
inclusión



Obra Social "la Caixa"




XUNTA
DE GALICIA




DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



<http://centrojuanmaria.wix.com/reporterosenred>



<http://blogs.prensaescuela.es/ceejuanmariaunblogparatodos>



<http://blogdecocinajuanmaria.blogspot.com.es>

Busca Centro Juan María en Internet:



La lectura de este código le permitirá acceder desde su móvil directamente a todas nuestras páginas y redes sociales.



As Agullas, 12. Parada C.P. 36379 Nigrán



986 386914



administracion@centrojuanmaria.org